

textos / 69

"RITOS DE SANGUE"

de María Xosé Queizán



Foto: Paco Vilabarro

RGT

revistagalegadeteatro

Nº 72

RITOS DE SANGUE, UNHA TRANSFUSIÓN ANOVADORA NA DRAMATURXIA DE M^a XOSÉ QUEIZÁN

Afonso Becerra de Becerreá

Na dramaturxia de M^a Xosé Queizán a condición feminina sempre é un tema central. As cuestións de xénero e a denuncia dunha desigualdade inxusta para por grande parte da súa obra. A propia autora tenme manifestado a súa vontade de facer un teatro moral e ideolóxico sen complexos. E esa misión faise explícita en *Antígona ou a forza do sangue*, a forza do sangue (1989) ou en *Neuras* (2008), tamén na súa primeira peza *A cartuxeira* (escrita a principios dos anos oitenta, publicada en 2008).

As opinións e a ideoloxía da autora aparecen de xeito directo en acoutacións ou, máis ou menos disfrazadas, nas réplicas dos personaxes. Desta maneira, se facemos unha análise dramaturxica (desde a acción e a perspectiva escénica) da literatura dramática da Queizán decatáremonos que os seus personaxes non posúen unha identidade individualizada realista, nin unha voz autónoma á da escritora, senón que son simulacros ou máscaras das que se serve para espallar as súas ideas e puntos de vista sobre a realidade. Isto provoca unha fricción entre a forma e o contido, xa que a intención última non acaba de camuflarse baixo o molde dramático (voz obxectiva) e os estilos realistas que, ata esta peza que presentamos aquí, a Queizán viña empregando.

É lóxico que o molde do drama realista opere na formalización de quen pretende escribir para o teatro, porque posúe unha tradición plenamente instaurada: todas/os entendemos que a escrita para o palco se fai con acoutacións, personaxes que actúan e falan en diálogo. E os últimos referentes hexemónicos do século XIX e do XX van ser Ibsen, Strindberg, Brecht, Tennessee Williams, Arthur Miller, Albert Camus ou Edward Albee, só por citar algúns nesa liña disímil. Entre certas xeracións non abriu fenda Heiner Müller, Thomas Bernhard, Sarah Kane, Harold Pinter, Caryl Churchill, Peter Handke, Elfriede Jelinek ou Valère Novarina, só por citar outras tendencias que renuncian a esa concepción do texto dramático que buscaba crear unha “ilusión de realidade” a partir de identidades psicolóxicas autónomas que se relacionan mediante unha acción dialogada.

Porén, malia os desaxustes entre a intención percibida e o modelo adoptado, a obra da Queizán posúe, en xeral, unhas situacións, un nervio e un temperamento creativo que sobordan esa cuestión.

Ao estreamos *Neuras* coa Cía. Ónfalo (Auditorio de Cangas, 18/11/2009) puidemos comprobar a súa eficacia teatral cando se xoga desde unha afirmación da realidade escénica máis que desde un pretendido realismo e cando se fornece o discurso ideolóxico explícito dun contrapunto lúdico.

Das tres pezas publicadas ata agora, o drama *A cartuxeira* é a máis lograda no que atinxe a súa enxeñaría dramaturxica, nela hai unha progresión da acción cara a un clímax, que desenvolve a historia sen o peso de áncoras ensaísticas ou descritivas. No achegamento á traxedia con *Antígona ou a forza do sangue*, a forza do sangue e na aproximación á comedia con *Neuras*, preténdese un desenvolvemento dunha acción en tempo presente que non é tal porque tódalas decisións están previamente tomadas e porque as citacións e reflexións non serven unha intriga senón un debate ideolóxico gañado desde o inicio. Iso si, xerando unhas situacións conversacionais e unhas máscaras capaces de suscitar a empatía polo seu arrouto e descaro, tamén polas posicións provocativamente firmes e contundentes. O pensamento da autora manipulando os fíos nun xogo de máscaras descaradamente tendencioso. Unha desinhibición a súa, temeraria, por veces naif, e por iso mesmo polémica e atractiva.

Ritos de sangue, a súa última achega, ata o momento, á literatura para o teatro, constitúe un xiro de case trescentos sesenta graos e unha novidade respecto á súa produción anterior. Nesta abandona o modelo do drama burgués e o rexistro pretendidamente realista, para presentar un texto – partitura verbal que se abre plenamente á realidade escénica, na que a palabra é un elemento plástico máis.

Recupera o rol do Coro, figura política herdada do “predrama” esquilián que se erixía na voz da “polis”, do pobo. Inclúe ao narrador brechtiano na voz da Narradora, que é, asemade, a forma “parateatral” do contador de historias, do “story teller”. E completa a partitura cunha chiscadela pirandelliá e “metateatral” ao introducir ao Espectador en escena. Grazas a estes dispositivos dramaturxicos o discurso da autora axústase coherentemente ao discurso teatral, ou dito doutro xeito: o discurso da autora teatralízase e harmoniza coas intencións manifestas. Aquí as reflexións, opinións e comentarios, incluso as citas ensaísticas ou explicativas inseridas na peza (Engels, Christa Wolf, René Girard, Walter Burker) resultan lóxicas e lexítimas en boca do Coro, dunha Narradora ou dun Espectador. A súa función é precisamente a de observar, comentar, diseccionar, analizar, pensar. Esta é a verdadeira acción da peza e, por extensión, a acción que máis lle interesa suscitar á Queizán en toda a súa obra.

“ESPECTADOR.- Á Condesa estáballe negada a virilidade e a guerra. Perdoen que interrompa. As mulleres non tiñan actividades públicas. Poucas na historia tiveron unha historia épica. Xoana de Arco, Catalina Erauso ou a galega María Pita. Pensan que as mulleres son pacíficas por natureza? Creo que non. A acción, fose ou non guerreira, é propio dos homes. As mulleres quedan relegadas ao mundo privado, á maternidade, ao coidado. A súa función nas guerras foi enterrar os mortos ou coidar os feridos. [...]”

Quen nos explica isto? A propia Queizán coa máscara do Espectador que comenta.

Outra das novidades deste texto é que a protagonista, Erzébeth Báthory, non ten voz pero si presenza. Literalmente a súa presenza é virtual xa que aparece só nas proxeccións audiovisuais, é, por tanto, un produto da luz. Non obstante, as posibilidades de realización escénica poderían facela aparecer, tanto a ela como ao Conde ou á Bruxa, de xeito corpóreo a través da actuación de bailarinas, bailaríns, actrices ou actores. Ou ben poderían ficar como construcións virtuais na mente da recepción que é, finalmente, o escenario no que se dá un dos dous niveis de xogo que Ritos de sangue propón.

Ademais, as disposicións espaciais que esta peza require tamén van máis alá do escenario á italiana do teatro burgués, podendo realizarse nun espazo compartido co público, na mesma platea, ou incluso en lugares non convencionais, como podería ser un bar.

Por outra parte, cómpre poñer de relevo un certo ton “gótico” que, semellante á estética que xa inaugurou Manuel Lourenzo coa súa *Velada de Londres* (1996) ou *Nosferatu* (1987), apunta aquí, en *Ritos de sangue*, cara ao “gore” da Condesa vampira dos Cárpatos. Precisamente, outra das virtudes desta obra é gañar para a nosa literatura teatral a figura mítica de Erzébeth Báthory, ata o de agora inédita na nosa contorna dramaturxica.

Por outra banda, esta tamén é a primeira vez que a Queizán sitúa á protagonista feminina dunha das súas obras nun polo negativo, acusándoa de ególatra, narcisa, e de exercer a violencia contra as do seu mesmo xénero e inferior rango social. A través da Condesa sanguenta pónsenos ante a crítica ás mulleres que ansían un poder viril, sen afirmarse no seu propio, reproducindo os modelos dun patriarcado misóxino. Porén, un dos elementos máis atraentes de Ritos de sangue é a contradición que alenta no seu discurso entre a crítica e o rexeitamento ás actitudes de Erzébeth Báthory, pero, á vez, a admiración e o abraio, case estarrecedor, ante a beleza e a refinada perversión erótica da Condesa. Rexeitamento e admiración. Atracción fatal. O abismo do desexo ao que nos impele a beleza, como din aqueles impactantes versos de Rilke: “[...] Pois o belo non é máis / que o comezo do terrible, que aínda podemos soportar, / e admirámolo tanto na medida en que, tranquilo, / desdeña destruírnos. Todo anxo é terrible.”

Ritos de sangue amósanos a beleza luciferina nunha bacanal de pensamento. Trátase dunha transfusión dramaturxica anovadora na escrita teatral de M^a Xosé Queizán.

Praia de Barra, Cangas, 13 de setembro de 2012.

RITOS DE SANGUE

PERSONAXES

ERZÉBETH BÁTHORY
CONDE FERENCZ NÁDASDY
BRUXA

Non teñen voz. Actúan de acordo coa narración.

NARRADORA
CORO
ESPECTADOR

ESCENARIO

No espazo escénico figura unha pantalla para Vídeo ou Fotografías.

Pantalla: Castelo de Csejthe, illado nun lugar selvático nas montañas dos Cárpatos.

Estancias frías, pétreas, mobles escuros e antigos.

Espellos onde contemplarse a ególatra e belísima dona do castelo.

En escena Érszébeth Báthory.

NARRADORA: Erzsébeth Báthory pertence á máis antiga nobreza de Hungría. Sobriña de rei e esposa do conde Ferencz Nádasdy, posúe diversos castelos. Gosta preferentemente do arisco castelo de Csejthe, construído no cume dunha montaña escarpada, illado nun lugar selvático e inhóspito. Non moi afastado do castelo do conde Drácula na Transilvania.

CORO: Ilustre é o teu nome Erzsébeth Báthory, honra de Hungría! Loanza e honra nos teu brasóns familiares! Señores da guerra, terror dos turcos, señores da terra, azoute nas aldeas.

Tesón de Hungría, dun castelo a outro, do val á montaña, cabalgas dominios. Grande é o teu poder, muller, e só podes gobernar na servidume.

NARRADORA: Aias, axudas de cámara, preceptores, servidoras, costureiras..., dan voltas como andoriñas ao redor da condesa, ofrecendo servizos, agardando cometidos. A señora arrédaas coa man. As ordes domésticas non lle compracen.

Ociosa, agarda a chegada do conde, o seu señor, das batallas. Recorre sen sombra estancias frías cos seus mobles pesados como mortos corpulentos. Candelabros férreos iluminan a súa vaidade. Non chegan. Demanda outros lustres onde contemplar con claridade a súa beleza.

As chemineas mal quentan os cuartos rudos, as rochas polas que escorrega a babosa néboa da montaña. A Condesea mergúllase no tedio.

ESPECTADOR: Ai, o tedio! Que certo é iso: “cando o demo non ten que facer...” Desculpen a miña interrupción, pero véxome obrigado a advertirlles que a inactividade mata. A Condesea non se sente atraída por nada do que a rodea. Anóxanlle os oficios de muller. Só a admiración da súa beleza compénsalle algo a apatía, nas tardes inútiles como amantes de outrora que non perduraron na súa memoria nin na imaxinación.

NARRADORA: Na súa alcoba un bosque de espellos devólvenlle a ollada. Xira unha e outra vez para contemplar a esvelta figura. Move a negra melena que voa como un corvo agoirento. O adobío enche moitas horas da súa xornada. Espellos como lagoas onde se asoma a narcisa para contemplarse. Muda e remuda a vestimenta, o arranxo, a compostura nas odiosas tardes. Nas lúas fatigadas, espellos deslucidos, reverberan sedas orientais, tecidos venecianos, un fru fru, arredor do seu van.

Do colo, das orellas penduran pedras preciosas: granates maxiares, ámbar do Báltico. Nos longos dedos das mans brillan as turquesas, os rubís, que contrastan co ardor dos seus ollos, acibeches sobre rostro níveo e o negro manto dos cabelos na cabeza rodeando o albor.

É unha Narcisa insatisfeita. Ten poucas ocasións de exhibirse. Só cando chega o Conde, seu señor, ten ocasións de lucir entre a aristocracia. Poder, podía viaxar a outros castelos e mesmo á Corte. A súa beleza debería ser contemplada nos pazos reais de Hungría. Mais, non se decide a abandonar o castelo de Csejthe coma se sospeitase que algo impresionante lle agarda nel.

CORO: O teu feitío asombra espellos e súbditos. Consideraste espléndida, luciferina. Dominas un ambiente insatisfactorio. Desacougante beleza. Corvo sombrío! Erzsébeth Báthory produces pavor!

NARRADORA: Gobernar na servidume, fámulas, lacaios e mangoleteiras non é para ela unha ocupación honrosa. Dirixir un conxunto de serventes dóciles e mansos non lle concede oufanía.

A servidume comeza a desconfiar da saúde da señora. Dan en ollala con temor.

CORO: Miraxe tanta beleza inútil! Baixo os candelabros das estancias frías e madeiras negras, a penas enxergas gatos lúgubres.

Sons de trompetas. Galope de cabalos.

NARRADORA: Chega o señor triunfante do combate. É recibido con grandes fastos e honras. A servidume corre dun lado a outro. Os cascos dos cabalos e as rodas das carrozas resoan no patio do castelo. Chegan invitados e cómpre atendelos. Fumegan as chemineas de pedra ennegrecida.

Pantalla: Escenas de caza.

Organízanse cacerías. O señor non se dá farto de mortes. As labregas apresúranse a retirarse dos campos, levando no colo as criaturas, non vaian estorbar o tropel dos corceis e dos cans. Ollan o espectáculo polos ventanucos das chabolas. A xente miúda asombrada do trote dos cabalos, excitados por fustas briosas. Nunca tal viran.

Pantalla: Choupanas miserables. Ollos abraiados de criaturas.

CORO: Brasóns brunidos con sangue realzan os teus apelidos. Matar pola gloria, gran poder viril. Ti

Erzsébet Báthory, estás excluída. Recibes a honra a través do teu señor. Na morte dos turcos tes a parte que che corresponde de fachenda. Non te resignas. O vigor da túa figura e a rabia dos teus ollos non son compensados. Reclamas a túa propia gloria, Ilustre señora!

NARRADORA: Festas e monterías en honor do conde que demanda cadáveres. Erzsébeth acompañao nas saídas ao monte. Na caza de uros, corzas, osos, cervos, recibe con pracer o seu quiñón cruento.

Pantalla: Trompeta de caza. Monteiro maior.

Cuarto con alfombras de peles e grande leito.

Á noite, aspira o erotismo do fedor sanguinolento e do coiro guerreiro que trae o marido da campaña contra os turcos, que os perfumes de Transilvania no seu leito non conseguen ocultar.

CORO: O fedor da batalla abre de desexo os teus beizos vermellos. Alfaias granates entre a cabeleira, negro cachón derramado no leito, como un manto de morte. O aroma do sangue fai palidecer de lascivia o teu fermoso rostro!

NARRADORA: A Condesa convence ao señor do Castelo para saíren a cabalgar terras de seu e cobrar pezas abundas para alimentar os invitados e compracer a servidume da comarca que come carne en poucas ocasións. A vida de tantos veados e porcos bravos serve como ostentación, e como magnánima xenerosidade. Nas cacerías, Erzsébeth, descobre a paixón primixenia. Nos banquetes traba na carne morta cobizándoa viva.

Pantalla: Banquetes. A Condesa e o Conde presiden a longa mesa. Morden na carne asada que collen coas mans. O viño reborda nas comisuras dos beizos.

CORO: Oh, prenda de Hungría, desexas goces épicos, vencer a resistencia en contendas e lides. Tes dereito ao sangue heráldico, ao vigor por honra derramado, altivos ideais, ardor guerreiro, brasóns ebrios de estirpe, fastoso sangue épico, coraxe de varón, galardón da patria. Tes dereito! Vetarcho é unha aldraxe.

ESPECTADOR: Á Condesa estáballe negada a virilidade e a guerra. Perdoen que interrompa. As mulleres non tiñan actividades públicas. Poucas na historia tiveron unha historia épica. Xoana de Arco. Catalina Erauso ou a galega María Pita. Pensan que as mulleres son pacíficas por natureza? Creo que non. A acción, fose un non guerreira, é o propio dos homes. As mulleres quedan relegadas ao mundo privado, á maternidade, ao coidado. A súa función nas guerras foi enterrar os mortos ou coidar os feridos.

Erzsébeth Báthory tiña inquietudes masculinas e azos guerreiros. Só podía derramar o sangue dos animais cazando, cando chegaba o marido e organizaban cacerías. Gozaba cazando e iso alentáballe a cobiza para outras matanzas.

CORO: A idea non che deixa durmir. Pregúntallo ao Conde! Sentes o mesmo, meu señor, ao derramar sangue animal ou sangue de turco? Xa coñeces a resposta, Erzsébeth. Non provoques o sarcasmo do Conde!

Sabes ben que teñen a mesma cor, o mesmo olor, pero non son iguais. O sangue derramado na guerra é o superior. O teu sangue, o sangue menstrual, que o Conde non tolera, é o inferior. Por que estas sometida a semellante humillación? Desexas ser un Báthory e matar na guerra!

ESPECTADOR: Ai, a guerra! Só nas batallas, na violencia legal, se obtén a gloria! Son un pesado, pero o caso de Erzsébeth Báthory non é tan raro como parece.

O réxime militar concede licencia para o crime, obriga a matar, saquear, violar. Máis aínda, concede medallas polas proezas luctuosas. Pensades que a maioría das persoas son pacifistas e están en contra da guerra, non si? Pois lamento dicirvos o contrario. A guerra mobiliza entusiasmos e ideais. Asombra ler os panexíricos de tantos poetas, a euforia de tantos artistas e filósofos que prescindiron dos seus escrúpulos para encomiar o espírito guerreiro. A guerra provoca unha embriaguez colectiva, a sensación de fundirse en algo superior. escoitando os himnos chegan a unha especie de orxía, de arrebatado. Agrúpanse coa conciencia dunha forza inmensa, brutal e pasaxeira.

Recapacidade no que isto significa. Vén dicir que illadamente somos débiles pero, en conxunto, tendo a un deus, unha patria, unha clase da nosa parte, formamos un todo poderoso. E disto falamos con ponderación, dicindo que “a unión fai a forza”. Sentimos unha fonda emoción cando a vivimos, non, si? O peor é que esa emoción, esa paixón de masas que temos experimentado en moitas ocasións, aglutina igual a progresistas ou conservadores, nazis ou a socialistas, a defensores da guerra santa, da jihad ou de Santiago Matamouros. Así que cidadadiño!

NARRADORA: Parte o conde tras do seu feroz oficio e na Condese renace o tedio. Un noxo que non a acouga, árdelle. Nas esgrevias penedías frecuentadas por lobos, nas covas dos vampiros, a Bruxa ule o seu fastío e segue o seu rastro até dar co Castelo. Chega e trae a meiguería xerada nos bosques, alimentada pola furia feudal, o vento das conxuras e a fame. A fame nas aldeas preña meigallos. A fame non só baleira os estómagos, tamén o sentido.

Entra a Bruxa. Albisca o que pode, e mesmo cheira as estancias do pazo.

CORO: As lúas do teu cuarto marabillan a túa beleza, ociosa narcisa. Tes fame de accións de gloria fermosa Condese. Coidado coa Bruxa! Venta o lentor, a apatía. Seduce con ollos de lumia. Non a mires! Pode botarche o mal de ollo!

NARRADORA: Chega a Bruxa. Fisga polas estancias. Esculca a Condese contemplándose nos espellos. Coida que é beleza o que persegue. Trae ao pazo os feitizos da beladona e a mandrágora, os amuletos, linguas de serpe, pedras máxicas procedentes do lóstrego. Ofrécelle o encanto das plantas con poder de eterna xuventude. Baños, ungüentos, apócemas... Receitas de bruxa.

CORO: A cambio da permanente louzanía, a Bruxa vaite afastar da humanidade. Non te abandones nas súas meigarías, ilustre condese! Toma conta da túa persoa e da túa honra!

NARRADORA: O conde partira cun amuleto cosido no xubón, un corno de unicornio macerado en herbas feiticeiras, coas conxuras das fadas e os encantos saturnais dos vampiros xerados nos carballos.

CORO: Adeus, meu señor. Lévaos sempre para espantar a morte!, dixécheslle. Fascinada pola maxia, asubiaches na súa orella: vivirás longos anos.

NARRADORA: O amuleto fallou. O Conde morreu na batalla e o seu corpo foi

desmembrado e ciscado polo terreo. Os inimigos foron tan crueis coma el o fora. Non se puido facer un funeral de corpore insepulto. Mesmo así, a Condessa viúva recibiu as expresións de condolencia de rigoroso loito.

CORO: Belida Erzsébeth Báthory, ataviada con vestido e velo negro, confundido coa túa melena. O rostro, por veces máis branco, resalta como unha perla na escuridade. As proezas guerreiras afástanse máis e máis. Do sangue dos turcos segados nos campos de batalla non chega a ti nin o tufo.

De que poderás brasonar, ilustre Báthory?

NARRADORA: Na condessa viúva medra o noxo. No corpo de Erzsébeth asáñase o tempo.

A Bruxa, convértese na súa conselleira. Ule os desexos da ególatra condessa. Sabe como ila levando aos profundos abismos de onde non hai retorno.

Só o sangue novo pode restaurar a beleza da señora! – dille. A bruxa inicia á condessa Nosferata no pracer do sangue

CORO: Sangue púrpura nas veas, tentáculos vigorosos. Sangue ardente, fogaxe da vida. Sangue idólatra, venerador de totems emocionais. Sangue humana, reclamada polos deuses sedentos, e por ti Erzsébeth Báthory. Vinganza sublime, guerra sacramental, sacrificio cruento, Misa. Sangue que devala polas gornas sacerdotais na ansiedade da vida eterna amén. E pola túa gorna, tamén pola túa, condessa Nosferata!

NARRADORA: A bruxa recomenda á servidora: Aia, lévalle unha moza ao leito! A señora necesita morder carne feminina para pasar o transo. Elixe á criada máis fermosa! Introdúcea na pila, lávaa e frétaa ben, bóttalle aceites refinados no corpo, ponlle perfumes no cabelo e métea espida no leito da Condessa para que a encontre á noite. Faino así!

CORO: Comezas a liturxia convulsa. Ai de quen! Saboreas o sangue, fluído ritual, río flamíxero que vai dar á morte. Condessa vampira, ávida implacable. Mordes sádica amante, trabas con apetito na ferida poética. Descubres o gran pracer, a éxtase. Unha vez probado xa nunca o poderás deixar.

ESPECTADOR: Estamos, estimado público, ante unha paixón que cegou e segue cegando á humanidade.

Voz de outr@ espectador/a: Déixanos ver o que está pasando no escenario. Que pesado!

Si. Ese é o meu rol. Esclarecer o que presenciades. A violencia que aparece en escena non serve para satisfacer ansias nutritivas ou sexuais. Non, a violencia que encontramos na cruel Condessa non obedece a impulsos primarios, senón a elaboradas perversións, ao erotismo do dominio, ao pracer de facer mal, á orxía desaforada, ao rito de sangue.

NARRADORA: As criadas novas foxen como poden do castelo. Daquela, cómpre buscar rapazas fóra. Envían raposas polos camiños e aldeas maxiareas. As mozas máis altas e esveltas de Hungría son raptadas para servir á Condessa. Os regalos que lle ofrecen son trampas mortais. Saias festeiras, camisas, brincos para engaiolalas.

CORO: Fuxide, belidas, das lurpias sedutoras! Seredes albo dun ansia mortal.

Oh, Erzsébeth Báthory, negáronche, como muller, o sangue rebelde dos campos de batalla; negáronche o sangue inocente no altar eclesiástico. Con que sangue mostrar a túa audacia? Obríganche a alimentar o ludibrio atroz nas túas estancias. Fas correr a vida virxe sobre ti, sangue enchente de vigor e de xúbilo, sangue para alcanzar a gloria e a redención.

NARRADORA: O encanto das mozas lanzais no seu leito xa non a seduce. Ególatra, non ama a beleza. Ámase. A beleza dos centos de virxes nunca é comparable á súa. As ansias de vida nova mudaron en desexos de morte. Os seus ollos, por veces máis feroces e lostregantes, só aprecian o fulgor e a perfección dos rostros das mozas, cando están convulsos pola dor.

Gritos de dor. Alaridos dementes. Ruídos de ferros, de coitelos.

A bruxa axúdalle a crear no propio castelo o seu contorno sacrificial. Nos alxubes húmidos, onde non entra a claridade nin a razón, instálanse os lugares da tortura. Os gritos de dor e de espanto das mociñas torturadas até a morte nunca van ser escoitados fóra do pétreo recinto.

Iluminados por fachos, os eróticos suplicios, alcanzan formas espantosas que só competen co furor negro da ollada gozosa da sádica condesa. Das mamilas perforadas das belas doncelas maxiares, abrolla o seu vizo. O frenesí brada na súa gorxa ávida de rabia e triunfo, acalando os alaridos das mozas flaxeladas.

Mesmo a bruxa foxe horrorizada.

Pantalla: Corpos atados con argolas ás pedras deformes da caverna. Apenas iluminados polos fachos ardentes, corpos de mozas espidas, feridas, cubertos de sangue, retorcéndose de dor. Imploran. Láianse con berros roucos. A Condese emite gritos histéricos, voces de distorsión e coraxe. Tamén risos.

CORO: O teu poder esencial non precisa refinamentos. Herdaches a ferocidade das lobas famentas dos Cárpatos, voraces, intrépidas, rabuñadas nas toxeias por atrapar a presa. Tremede ante a cólera da loba do Castelo! Voade garzas airosas antes de que a condese se encha do voso sangue lustral! Oh beleza, xuventude atrapada! Ninguén chorará por vós. A humanidade non traspasa os muros do castelo!

ESPECTADOR: retendo amolarvos con máximas, pero foi Engels quen dixo que a violencia, a diferenza do poder ou forza, sempre necesita ferramentas. Para sacrificar as mozas instalaran ganchos de ferro, argolas para reter os corpos flaxelados e terribles instrumentos de ferir. Coa dor e morte das mozas Erzsébeth sente como se intensifica a súa vitalidade. O sangue novo sobre ela renova o propio como un chafariz de vida, un brote sublime que a eleva e a rexuvenece. Non me interpretedes mal, pero se trata dunha sublimación semellante á que poden sentir os crentes católicos cando comungan, ou cando o sacerdote come o corpo e bebe o sangue de Cristo na Misa. Un sangue redentor.

Pero, como sabedes, para esta elevación non serve calquera sangue. Ha ser un sangue lustral, un sangue precedido de sacrificio. *De que antecesores provén a necesidade de sacrificios humanos?* Preguntábase Christa Wolf.

Pantalla: Para usar os instrumentos de tortura, a Condesa leva un fermoso vestido branco. Cun látego vai dando vergalladas nos corpos espidos, e o brancor da súa vestimenta vaise cubrindo de sangue. A cada zorregada chégalle un chafariz de sangue.

NARRADORA: No antro dispoñen os elementos de tortura: agullas, punzóns, tenaces, látegos. Erzsébeth adúbase para asistir ao flaxelo virxinal. Veste de branco para verter o sangue. Veste coa alba do rito sacerdotal. Veste de noiva para o sangue nupcial. Branco, cor de pureza para as profanacións.

Adúbase. Perlas venecianas entre os seus negros cabelos. Albos volantes orlan as vigorosas mans, mentres o látego implacable, estala sobre os corpos nus, salpicando o sangue sobre os muros como alaridos pétreos, envisgando a súa branca e brillante vestimenta. Doncelas, vestide novamente á señora! Necesita o brancor para sentir as rúbricas vermellas acuñando o seu poder, as marcas da fogaxe, o sangue que derrama.

Quere proseguir o rito inmaculada, separada da humanidade.

Alaridos estridentes da Condesa, unidos a risos histéricos.

CORO: Perdes os folgos, condesa, na pulsión de morte, no desexo perverso do abatemento. Con tanto fervor inmolador parecez disposta a morrer como unha mística do sangue, como unha fedayina do desexo consagrado, fascinada polo sangue fanático.

Vermello xa o teu vestido branco chegas a pensar que o sangue das vítimas é o teu. Ritual de sangue, obscena atracción roubada aos deuses, Cumpres o teu destino, Erzsébeth Báthory.

ESPECTADOR: Os crimes rituais precisan o branco inmaculado dun vestido de noiva. Revístese coa pureza para a vermella sangría.

Voz de outro espectador: E veña! Cala, home. Agora que está no momento álxido, vés interromper!

Xa, xa. Gústache o gore, non si? Pero cómpre explicar porque veste de branco, e con volantes como as albas dos cregos, para o sacrificio.

Como vedes, a Condesa non inmola as mozas por hostilidade persoal. Son vítimas propiciatorias, seres inferiores carentes de valor, campesiñas, súbditas que substitúen os turcos que os homes da súa nobre familia matan no campo de batalla. Por que eles, razoa sen dúbida Erzsébeth Báthory, poden satisfacer os seus desexos de violencia e, ademais, seren heroes matando? Ela non se resigna a non ter poder para matar.

Deixádeme que vos transmita as palabras de René Girard, un experto na materia: *A*

violencia insatisfeita busca e acaba sempre encontrando unha vítima de recambio. Substitúe as criaturas que excitaban o seu furor por outras que carecen de título especial para atraer as súas iras, salvo o feito de seren vulnerables e estaren ao alcance da man. Por iso someto á vosa consideración unha das vilezas máis execrables das persoas: Consiste en resarcirse nos débiles das frustracións que nos provocan os poderosos.

Cala dunha vez! Impreca unha espectadora.

Vaia, vaia. Mándasme calar porque estou aquí, ao teu nivel. De estar arriba, no escenario non me interromperías, non.

NARRADORA: Nos sotos do castelo preparouse o lugar para os rituais e as prácticas sádicas e cruentas con fermosas mozas atraídas ao castelo con galanos e promesas. Calcúlense que foron 616 mociñas torturadas e inmolladas. Só mulleres entraron na cámara do tormento.

CORO: Por que te asañas coa feminidade? El non podería o sangue viril volverche o celme?

Nin ti, nin o teu ilustre avoengo ousa pensalo! O poder masculino disuade da agresión. Queres ter a honra masculina pero non a cuestionas.

A túa violencia cébase na debilidade. Ai!, o sadismo leva sempre a mesma rota. Medea tampouco ousou dirixir arriba o odio e vingouse na cándida impotencia, nos propios fillos.

Non alzaches a túa crueldade contra a túa condición aristocrática. O sangue do guerreiro rebelde non te celebrou!

NARRADORA: A célebre dona da alta realeza húngara gozou con sadismo da agonía do propio xénero, das mozas plebeas que lle pertencían como a terra, como as plantas e os cultivos, como as cervas que cazaba e os porcos que comía, como o traballo labrego e a suor servil. Precisamente, o servilismo das súas cómplices conseguiu que o horror nos sotos do castelo de Csejthe tardase moito en ser coñecido. Calaron os crimes.

CORO: O clamor das mociñas, os seus gritos desesperados, nunca te abrandaron. A compaixón non é unha virtude da nobreza! Sentes o mando como algo esencial e úsalo. Non tiras a vida, tomas o que che pertence. Tes poder porque tes un nome, condesa Báthory! Vermello é o teu rastro na historia de Hungría!

ESPECTADOR: Podedes comprobar que A Condesa Sanguenta non é unha criminal vulgar. Sacrifica e mata nun cerimoniais. Ten as características da violencia relixiosa. *As inmollacións son a experiencia fundamental do sagrado*, afirma Walter Burkert. Porén, neste caso non existe nada relacionado coa relixión.

NARRADORA: As vítimas elixidas para a súa honra particular non están en condicións de seren vingadas e vanlle permitir a Erzsébeth unha certa impunidade, dada a súa xerarquía e os privilexios da súa condición aristocrática. A xente maltratada non se atreve a acusala. Quen pensar niso? Nin coñecen a palabra. A xustiza non as alcanza. Nacen sabendo aturar o despotismo do señorío.

Cando o sangue xuvenil rebordou as lindes privadas do antro sacrificial, e a tortura e os crimes foron descubertos e denunciados polas autoridades, as cómplices da masacre foron condenadas a morrer na fogueira.

Pero a alta liñaxe familiar salvou á Condesa Báthory do xuízo público e da condena a morte. Foi recluída nun cuarto do pétreo castelo, coas fiestras e porta tapiadas e unha pequena fenda por onde pasarlle pan e auga. Así logrou resistir tres anos.

Nunca se arrepeniu dos seus crimes. Convencida de tomar o quiñón sanguento que lle tocaba por nacemento, ao pertencer a unha clase que tiña por oficio guerrear, dominar, matar. Eles, dan nome a grandes figuras históricas. Ela, Erzsébeth Báthory, pasou como a cruel e sádica Condesa que torturou e fixo ritos de sangue con servas mesquiñas.